

Oportunidades de financiamento europeo. Programas 2014-2020

Venres 20 de xuño 2014 - 9.15 a 13.45 h. - Santiago de Compostela
Centro Sociocultural O Ensanche - Rúa Frai Rosendo Salvado, 14 – 16

*Cóllete a mañá e vente a
un encontro...*

UGACOTA celebra un encontro sobre **programas europeos no período orzamentario 2014 -20**, dentro dunha extratexia de apoio empresarial e xerencial ás cooperativas de traballo, para crecer e consolidarse.

Dende hai anos a UE brinda posibilidades de participar nos seus programas e convocatorias, tanto ás empresas como ás entidades da economía social, e coincidindo co novo período de programación na Unión Europea 2014 – 2020, nun escenario de recortes no financiamento público autonómico e estatal, coñecer e participar do financiamento europeo, semella cando menos, unha vía a avaliar e a ter en conta.

Coa celebración deste encontro procúrase facilitar a iniciación ás empresas cooperativas neste camiño, ofrecendo información, propostas, formación, ou recursos, para que lles permitan financiar as súas actividades, tamén trátase de estimular ás persoas responsables nas cooperativas para presentarse a convocatorias europeas.

Para impartir e dinamizar esta temática contaremos coa cooperativa **INDA Iniciativas**, unha consultora de iniciativas de desenvolvemento e proxectos europeos.



Ademais, neste mesmo evento, abrírase un espazo de encontro e intercambio, co fin de **aproximar o Parlamento Europeo e o cooperativismo**, da man dunha proposta de **COCETA** (Confederación Española de Cooperativas de Traballo Asociado) e a revista **Alternativas económicas**, que participará no Encontro xunto cunha persoa europarlamentaria que dará a coñecer o Parlamento Europeo, ao mesmo tempo, Ugacota lle dará a coñecer o cooperativismo de traballo asociado en Galicia.

Oportunidades de financiamento europeo. Programas 2014-2020

Venres 20 de xuño 2014 - 9.15 a 13.45 h. - Santiago de Compostela
Centro Sociocultural O Ensanche - Rúa Frai Rosendo Salvado, 14 – 16

Programa

9.15 horas

Recepción e entrega de documentación a participantes

9.45 – 10.45 horas

O Parlamento Europeo

- O cooperativismo de traballo asociado: Ugacota.
- Unha visión sobre Europa: Andreu Missé, Director de Alternativas Económicas.
- O Parlamento Europeo: Un/unha representante Europarlamentaria/o.
- Foro de debate.

10.45 – 13.45 horas

Oportunidades de financiamento europeo : programación 2014-2020

- Intervención de expertas, Inda Iniciativas s. coop. galega
- Foro de debate


Está prevista unha pequena pausa a media mañá

13.45 horas

Fin do encontro

Que obxetivos temos ?

- Dara a coñecer ás cooperativas os obxectivos e programas que definen o período 2014-20.
- Identificar os programas europeos do período 2014-20: requisitos e temáticas.
- Dar a coñecer as claves do acceso ao financiamento europeo 2014-2020.
- Compartir e intercambiar as experiencias das cooperativas asistentes, resto de participantes, e persoas expertas convidadas.
- Difundir recursos útiles sobre financiamento europeo.
- Estimular a creación e mantemento de redes relacionais e colaborativas entre as participantes.



Contidos da temática : Financiamento comunitario, programas europeos 2014-2020

- O programa de financiamento europeo 2014-2020: prioridades, características e tendencias.
- Programas europeos e fontes de financiamento de interese para as cooperativas.
- Recursos informativos e ferramentas: onde atopar información?, como buscar sócios?
- A preparación dunha proposta de proxecto europeo: paso a paso
- Principais requisitos e criterios de calidade dun proxecto. Vantaxes e dificultades na presentación dos programas.
- Como presentar a proposta de proxecto?.
- Inscrición no portal de participantes da Comisión Europea. Caso práctico.
- Casos de éxito no Programa 2007-2013.

Oportunidades de financiamento europeo. Programas 2014-2020

Venres 20 de xuño 2014 - 9.15 a 13.45 h. - Santiago de Compostela
Centro Sociocultural O Ensanche - Rúa Frai Rosendo Salvado, 14 – 16

A quen vai dirixido?

- Prioritariamente ás cooperativas socias, e outras cooperativas, en todo caso, destinado ás persoas con responsabilidades directivas e xerenciais, responsables de finanzas e da área económica, persoal técnico, e aos consellos reitores das cooperativas.

- Tamén se destina a persoal técnico de entidades relacionadas co fomento do cooperativismo (asociacións de cooperativas, Oficinas de Fomento Cooperativo ...) , e profesionais do sector.

* No caso de quedar prazas disponibles abriríase a convocatoria a outras entidades de economía social e a persoas interesadas, en xeral.

Como participar? E por que ?

Asistindo ao encontro o día 20 de xuño de 2014 terás a oportunidade, non só de escoitar puntos de vista e orientacións sobre esta temática, senón tamén de expoñer ás túas prácticas, experiencias e inquiredanzas neste tema, aportar a túa visión, e intercambiala con outras participantes e as colaboradoras do encontro.

Ao mesmo tempo accedes a unha rede relacional a nivel profesional que pode achegar vantaxes e oportunidades ao voso proxecto cooperativo.

Inscripción - Ata o 18 de xuño :

1. A través do **formulario electrónico**, na web de Ugacota, www.ugacota.coop
2. **Pago da cota** : nº conta de ingreso :
2080 5140 97 3040023289

Cooperativa socia de Ugacota
- 1 persoa 20 €
- 2 persoas ou máis 15 €/persoa

Cooperativa non socia e outras organizacións
- 1 persoa 30 €
- 2 persoas ou máis 22,50 €/persoa

Telf. **986 13 65 92** – nuria@ugacota.coop

Prégase máxima puntualidade de cara a respetar ao conxunto das asistentes e participantes, a temporalización e boa marcha do programa, así como os horarios do persoal do Centro Sociocultural O Ensanche.

O **Centro Sociocultural O Ensanche** queda a uns 10 minutos da Estación de tren. Está cerca da Praza Roxa e da Praza de Vigo.

Hai aparcadoiros na Praza Roxa, na Estación de tren, ou tralo Parlamento de Galicia (r/ do Hórreo), entre outros.